


PAL

(PLAN ANUAL DE LECTURA)

PROXECTO DA BIBLIOTECA



Curso 2021/2022

Bibliotecas
escolares
de Galicia



Introdución

Ao noso centro, CEIP Plurilingüe Curros Enríquez, foille concedida a renovación do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares do que é partícipe desde o curso 2005-2006 tal e como consta na orde do 13 de agosto de 2021, pola que se resolve a convocatoria do Plambe, publicada no DOG nº do 31 de agosto de 2021.

A contía adxudicada este curso foi de:

- 3.650 euros dos cales 1.550 para fondos e 2.100

Obxectivos. Fundamentación

O PAL (Plan Anual de Lectura) deste curso toma como punto de partida os obxectivos contidos no PLC (Proxecto Lector de Centro), ten en conta a reflexión da memoria 20-21 e contempla as necesidades do curso actual. Os obxectivos do PAL para o curso 2021-2022 son os seguintes:

- Desenvolver a competencia lectora.
- Favorecer a competencia literaria.
- Educar no uso crítico da información.
- Fomentar o hábito da lectura.
- Apoiar a adquisición das competencias básicas.
- Enriquecer o vocabulario, favorecer a comprensión, o razoamento, a investigación..., habilidades necesarias para a mellora do alumnado en tódalas áreas.
- Integrar as TIC nos procesos de lectura, escritura e búsqueda de información.
- Potenciar o aspecto compensatorio da biblioteca, fomentando o seu uso como ferramenta nos apoios escolares, na integración de alumnado ou outras iniciativas.
- Acadar colaboración da biblioteca coas familias no ámbito da lectura e escritura.
- Colaborar nos programas e proxectos que se desenvolven no centro: Contrato Programa, Plan Proxecta, Alfabetización e información en 4º, proxectos en EI...

Liñas de actuación prioritarias en relación co papel da biblioteca escolar no centro

✓ **Organización e xestión:**

O Equipo de biblioteca estará formado por 9 membros. Todos disporán dunha hora lectiva, aló menos, no seu horario que será de garda en biblio. Para

coordinar o traballo do equipo haberá reunións periódicas os martes polas tardes e cando se considere oportuno. Para facilitar a comunicación entre os membros do equipo utilizarán o grupo de “whatsapp”. A biblioteca tamén estará presente nas reunións da CCP e nas de Dinamización lingüística e Actividades complementarias e Extraescolares chamadas recentemente no centro “Equipo multidisciplinar” para lanzar as súas propostas que logo serán levadas ás reunións de nivel.

Ademais contarase cun grupo de nenos e nenas voluntari@ de 5º/6º que será “Axudante da biblio” durante os recreos e “Voluntario lector/a” nas actividades de “Somos Contacontos”.

Tódolos cursos de primaria teñen unha hora de biblio á semana e que coincide na maioría dos casos con mestres/as de garda para prestar axuda.

Crearase os novos carnés para 1º EP, os extraviados e renovarase os de 4ºEP xa que considérase imposible manter en perfecto estado o carné 6 cursos.

Sobre os fondos: revisarase toda a cartelería informativa, iranse desbotando durante o curso os libros vellos tendo en conta que os grandes expurgos xa se realizaron os cursos precedentes; catalogaranse os fondos novos e seguiranse revisando os vellos; crearase novas seccións: adultos, pais/nais, mestres/as, contos clásicos, álbum ilustrado, videoxogos, espazo creativo e lectores dixitais.

O “Hospital de libros” seguirá coa “cura” de exemplares.

Os equipos informáticos e audiovisuais estarán en constante actualización e procurarse que funcionen correctamente.

Este curso catalogaranse as películas, CDs e xogos que quedaron pendentes do curso pasado.

✓ **Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca**

Un curso máis continuarase coas actividades que xa eran habituais e iniciaranse outras novas e que mostran o traballo que se fai na biblioteca: blog, facebook, twitter, canle de Youtube, recuncho na entrada do centro “Na biblio estase a cocer...”.

Realizaranse recomendacións lectoras a través das redes sociais, do blog e nas guías de lectura que se editarán cada trimestre.

A biblioteca dará apoio a tódolos traballos, investigacións, reforzos encomendados polos mestres/as en forma de materiais coma de horario, xa que todos os cursos dispoñen dunha hora para subir á biblioteca na que estará un mestre/a de garda en biblio.

En canto á adquisición de fondos teranse en conta: ás suxestións dos titores/as sobre os temas que estean tratando, o buzón de suxerencias, as necesidades

propias da biblioteca e as críticas profesionais sobre os libros. En calquera caso non queremos caer na rutina de mercar libros porque si, preferimos facelo partir dun listado confeccionado polo equipo de biblioteca/mestres e que estea contextualizado co noso centro.

✓ **Actuacións en relación coa formación de usuarios e educación para o acceso á información**

Durante os últimos cursos a biblioteca viviu unha importante reforma:

ampliouse o seu espazo, construíuse unha cabina de radio, delimitouse o espazo para a robótica e renováronse todas as seccións. Ademais novas obras ralentizaron novamente a posta a punto da biblioteca; isto xunto coa pandemia da Covid-19 fixo que costara arrincar de novo. Este curso por fin, despois de 2 cursos completos pódese dicir que abre de novo as súas portas. Xunto con esta situación cómpre engadir que continúase cun coidado extremo para minimizar os riscos, pois seguimos inmersos na pandemia.

Repartírase a guía de uso da biblioteca (plano, normas, horario e servizos) para difundir principalmente entre o alumnado de 1ºEP e o novo profesorado e alumnado. Presentárase en formato papel e dixital (accesible desde o blog e as redes sociais, así como na web do colexio).

Realizáranse así mesmo “excursións guiadas” para os novos/as mestres/as e aqueles/as que queiran aumentar o seu coñecemento sobre a biblioteca. Este curso intentárase aumentar as sesións de formación de usuarios, xa que é o punto de partida para que o alumnado poida buscar información e mellor aínda, atopala. Realizáranse fichas para as diferentes sesións que serán en principio unha por trimestre. Ademais utilizaremos os recursos que hai na rede para traballar a F.U. e o concurso “Busca a resposta 2022” versará sobre formación de usuarios/as.

O equipo de axudantes de biblioteca estará formándose continuamente:

continuarán realizando as súas tarefas de empréstamo, control do silencio e organización das quendas de acceso aos ordenadores. Comezará a súa actividade con 2 sesións de formación e firma dun acordo (firmado por tódolos voluntari@s) no que se comprometen durante todo o curso.

Este curso 2021-2022 tratarase de levar a cabo un Proxecto Documental

Integrado sobre o Camiño de Santiago.

Este curso retomarase a Olimpíada do Saber, despois de varios cursos sen

facela esta é a segunda edición. É un concurso de procura de informacións

ao través de pistas. Intentarase que a temática coincida co tema sobre o que verse o PDI de centro.

A materia de libre configuración en 4ºEP: “Aprender a investigar” contará coa biblioteca como gran protagonista.

Unha vez rematado o traballo da configuración da cabina de radio comezaranse as emisións dentro do programa “Radio na biblio” e seguiremos de cheo en “Biblioteca creativa” . Apoiaranse e fomentaranse investigacións en base ás distintas conmemoracións e celebracións que vaian aparecendo durante o ano. Coma tódolos anos a biblioteca colaborará nas programacións (“Enigmas matemáticos 2022) e o emprego do espazo e dos recursos da biblioteca no desenvolvemento destas actividades nos programas Contrato Programa e Plan Proxecta.

Por último, a biblioteca estará pendente e aportará fondos de interese para as diferentes materias ou outras ideas que resulten de proveito para o centro.

✓ **Actividades en relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro**

De seguido enuméranse as actividades en relación co fomento da lectura e incluídas no Proxecto Lector:

- Hora de Ler
- Mochilas Viaxeiras (Infantil e primaria e cando a situación o permita)
- Somos contacontos dentro e fóra do centro
- Basket por libros
- Semana da poesía
- Apadriña un lector
- Guías de lectura
- Club de lectura
- Vouche co conto
- “As mamás contan moito”
- Kamishibai
- Encontro con autores
- Exposicións de libros por temáticas e novidades. Subida ás redes sociais.
- Programa Prensa Escola

Actividades para fomentar a creación literaria

- Actividade de correo interescolar
- Creación de “O noso diario” en primaria levando cada semana un neno/a o diario para casa.
- Lanzaranse campañas durante o curso aproveitando as conmemoracións ou a preparación dese programa de radio piloto.
- Creación de contos para Kamishibai

✓ **Outras actuacións**

- Apertura da biblioteca ao resto da comunidade educativa polas tardes aproveitando o novo horario do centro (de 9.30 a 14.30)
 - Colaboración co equipo de Normalización Lingüística e equipo de actividades extraescolares.
 - Establecer canles de comunicación con outras bibliotecas e coa Fundación Curros Enríquez de Celanova
- ✓ **Apoio ao estudo ou outras actividades para a compensación das desigualdades sociais**
- Participación no programa Bibliotecas Escolares Solidarias.
 - Apertura da biblio como aula de apoio ao estudo durante as tardes.
 - Creacións de guías de lectura, suxerencias e enlaces de interese a través das redes sociais.
 - Ofrecer programas e libros axeitados para o alumnado con NEAE: merca de libros de lectura fácil.
 - Segundo o medio sociocultural de procedencia do alumnado, a desigualdade entre eles incide no fracaso escolar. A biblioteca contribuirá poñendo tódolos seus recursos a disposición dos nenos e nenas que o necesitan dunha forma máis dirixida.
 - Farase fincapé en temas como a emigración, o respecto a outras culturas, relixión, convivencia á hora de mercar fondos.

Seccións

Podemos dicir que a nosa biblioteca ademais de ocupar un espazo físico

determinado (biblioteca do centro) está presente:

- ✓ Biblioteca do centro: sección de educación infantil, audiovisual (Pizarra dixital, ordenadores, equipos de música, reprodutores DVD), zona de consulta/traballo en equipo e individual, zona de lectura distendida, sección xogos, sección novidades, sección revistas, sección de ficción en galego, sección de ficción en castelán, sección de poesía, cómic, teatro, outros idiomas; sección de libros informativos organizada pola CDU; sección de adultos; buzón de suxerencias e mesa de préstamo.
- ✓ Bibliotecas de aula
- ✓ Recuncho informativo no corcho da entrada do centro :”Na biblioteca estase a cocer...”
- ✓ Zonas de exposicións: entrada, corredores do centro e zonas próximas á biblioteca.
- ✓ Blog, páxina web do colexio Facebook e Twitter..

Rutinas de lectura:

✓ Hora de Ler: 20 minutos de lectura diaria realizada na 4ª sesión (de 12.40 a 13 horas)

✓ Lectura compartida:

- **“Somos contacontos”**: o alumnado voluntario de biblioteca contaralle un conto (en total serán 3 contos) ao alumnado de infantil. Farao con apoio visual elaborando os seus propios materiais.
- Programas de radio como por exemplo o do 20 ao 24 de marzo os/as voluntarios/as lectores/as realizarán lecturas en verso aproveitando a megafonía do centro á volta do recreo durante a Hora de Ler.
- **“Apadriña un lector”**: actividade realizada co gallo do Día do Libro na que os nenos/as apadriñan a un compañeiro/a dos primeiros cursos e lenlle un conto. Será o 21 ou 24 de abril.
- **“Lemos o xornal”**: os mércores o alumnado de 6º traballará a lectura no xornal.
- **Lectura de libros na clase dentro do Plan lector**
- **Outras**: durante o curso poden ir xurdindo actividades de lectura compartida relacionada con alguna conmemoración...

Recursos humanos:

Aínda que contamos cun claustro que apoia e participa activamente en tódalas propostas que se fan desde a biblioteca, ao ser tan numeroso contamos cun equipo de biblioteca formado por 15 mestres:

- Lucía Domínguez González (*responsable*)
- Sonia Rodríguez Paz
- Luis Real Vázquez
- Jorge Emilio Bóveda Álvarez (Biblioteca creativa)
- Elena Abadín Blanco
- M^a Carmen Álvarez Calleja
- Sieiro Piñeiro Nervisa María
- María del Carmen Esperanza Álvarez
- Milagros Huete Vales

Actividades programadas

(ver cronograma máis abaixo):

Ler en familia

Actividades para a implicación das familias.

- ✓ Mochilas viaxeiras
- ✓ Bolsas viaxeiras
- ✓ Guías de lectura
- ✓ Enquisas ás familias
- ✓ As familias len no centro

Avaliación

- ✓ Analizar o uso que se fai da biblioteca e do servizo de préstamo a través das estatísticas do Meiga.
- ✓ Facer enquisas sobre a biblioteca para o alumnado, o profesorado e pais/nais.
- ✓ Autoavaliación seguindo o modelo “Bibliotecas escolares, entre interrogantes?”
- ✓ Recoller as suxestións, queixas e reclamacións introducidas na caixa do correo que está na biblioteca.
- ✓ Valoración das anotacións dos pais/nais e alumnos/as nos cadernos das mochilas viaxeiras sobre esta actividade.
- ✓ Facer o seguimento dos obxectivos recollidos no Plan Anual, referentes a Biblioteca.
- ✓ Reunións do responsable co equipo de biblioteca para facer análises do traballo feito e aportar suxestións.
- ✓ Valoración por parte dos equipos de nivel - Claustro do funcionamento da Biblioteca e da información recibida sobre as actividades promovidas por esta.

CRONOGRAMA DE ACTIVIDADES PARA O CURSO

2021/2022

CANDO	ACTIVIDADE	DESTINATARIOS
	POSTA A PUNTO DA NOVA BIBLIOTECA RENOVADA	
Todo o ano	Actualización constante da sección: <i>“Na biblio estáse a cocer...”</i>	Comunidade educativa
Todo o ano	Promoción das novas adquisicións (expositores, carteis, blog, facebook, twitter, guías lectura...)	Comunidade educativa

Todo o ano	Actualización do blog, facebook e e da web do centro.	Comunidade educativa
Todo o ano	Manter a biblioteca e os fondos organizados	Usuarios biblio
Todo o ano	Merca de fondos novos	Usuarios biblio
Todo o ano	Catalogación de fondos	Usuarios biblio
Todo o ano	Formación de usuarios	Primaria
Todo o ano	"Somos contacontos" (temporalizado abaixo)	5º/6 a Infantil
Todo o ano	É mércores, toca xornal!	6º EP
Todo o ano	PDI sobre o Camiño de Santiago	Infantil e primaria
Todo o ano	Basket por libros	3º4º5º
Todo o ano	Correo interescolar	3º a 6º
Todo o ano	O noso diario	5º e 6º
Todo o ano	Itinerarios lectores	Primaria
Setembro	Creación de carnés novos/extraviados/renovación 4º EP. (CONTINUAMOS A PARTIR DO ÚLTIMO NÚMERO)	1ºEP/4ºEP/outros
Setembro	Posta a punto da biblioteca (ordenadores, PDI, colocación espazos, revisión de xogos e películas...)	Usuarios biblio
Setembro	Selección dos axudantes-voluntarios da biblioteca e preparación das quendas de vixiancia. Explicarlles as funcións e darllas,firmar "contrato". (PODEN SER AXUDANTES E VOLUNTARIOS LECTORES OU UNHA DAS DÚAS COUSAS)	Axudantes-voluntari@s da biblio de 5º e 6º
2 de outubro	Comeza a <i>Hora de Ler</i>	Primaria
4de outubro	Reunión do Equipo de biblioteca e "paseo" por ela	Equipo de biblio
x	Apertura da biblio e 1º préstamo nas titoría con F.U.	EP
Outubro	Revisión Mochilas Viaxeiras e actualización das mesmas (tanto dos materiais coma da mochila en si, cambiándoa se é necesario).	Primaria Infantil
Semana das B.E 23 ao27 de outubro.	Formación de usuarios I Presentación cartel curso 21/22 Mochilas viaxeiras (pendente) Guía de usuarios	Primaria
Outubro	Inicio das actividades: Basket por libros, correo interescolar e O noso diario.	3ºa 6º
Samaín 30/31	Samaín na monstrobiblio"	EI e EP
Finais outubro	"Somos contacontos"	

Novembro	Novembro, mes da ciencia en galego:	Infantil e Primaria
25 novembro	Día Internacional contra a Violencia de Xénero:	Primaria
10 decembro	Dereitos dos nenos/as + Dereitos Humanos	Primaria
15 ao 19 de xaneiro	Formación de usuarios II	Primaria
30 xaneiro	Día da Paz	Infantil e Primaria
31/01 febreiro	"Somos contacontos":	Infantil
24 febreiro	Conmemoración nacemento de Rosalía	Primaria
marzo	"3p3r3s - Busca a resposta"	Primaria
6 ao 10 marzo	Semana da prensa	Primaria
8 marzo	Día Internacional da Muller	Infantil e Primaria
20 ao 24 de marzo	Día Mundial da Narración Oral (20M): Os nosos maiores tran á biblio: contos, relatos, lendas, historias, cantos reinventados ou da tradición.	Primaria
20 ao 24 de marzo	Semana da Poesía: "Semana da poesía, lemos pola megafonía"	Infantil e Primaria
21/22 marzo	"Somos contacontos: Lectura dramatizada a infantil dos voluntarios lectores/as	Infantil
2º trimestre	III Olimpíada do saber (sobre o PDI)	Primaria
9 ao 13 de abril	Formación de usuarios III	Primaria
Abril, mes dos libros	Varias actividades	EI e EP
23 de abril	Día do Libro: "Apadriña un lector"	Infantil e Primaria
23 de abril	As mamás contan moito	EI + Primaria
25/26 abril	"Somos contacontos": Lectura dramatizada a infantil dos voluntarios lectores/as	Infantil
Maio	Letras Galegas 2022: Julio Gurriarán voluntarios lectores, pais/nais	Infantil e Primaria